

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 16 DE DECEMBRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/82/2005.- HOSPITAL NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA S. L.- Conceder licenza para a legalización de edificacións anexas e obras complementarias no Hospital Nosa Señora da Esperanza sito en Avda. das Burgas nº 2.

LIC/1136/2015.- RAMON CEREIJO PAZOS.- Conceder licenza para executar as obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en rúa Real de Roxos nº 26.

LIC/546/2016.- PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA.- Conceder licenza para proxecto de paisaxe (acondicionamento do Camiño de Santiago no Monte do Gozo e o seu lateral, os bordos da estrada e os accesos ao Monte do Gozo) en Monte do Gozo.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a legalización de edificacións anexas e obras complementarias no Hospital Nosa Señora da Esperanza, sito en Avda. das Burgas, nº 2. LIC/82/2005. Apróbbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en rúa Real de Roxos, nº 26. LIC/1136/2015. Apróbbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para proxecto de paisaxe (acondicionamento do Camiño de Santiago no Monte do Gozo e o seu lateral, os bordos da estrada e os accesos ao Monte do Gozo) en Monte do Gozo. LIC/546/2016. Acórdase conceder á Presidencia da Xunta licenza para realizar o proxecto de paisaxe en Monte do Gozo, cun orzamento de execución de 187.402,24 euros

5.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente así como do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de servizos sociais XIESS do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 9.110,27 euros/ano, máis IVE de 1.913,16 euros/ano. O importe total da licitación será de 22.046,86 euros para as anualidades de 2017e 2018.

6.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Cultural CIDADE VELLA. Apróbbase o convenio.

7.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de subvencións ás Asociacións Veciñais para o desenvolvemento dos programas e actividades de interese xeral 2016. Apróbbase a concesión e pagamento de subvencións ás asociacións de veciños, a un total de 33 colectivos veciñais e por un importe total de 56.044,42 euros. Acórdase rexeitar a solicitude de subvención da Asociación Cultural e Veciñal Monte de Dios, por presentar a solicitude fora de prazo.

8.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbbase a proposta.

9.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á xustificación de axudas do programa Santiago Suma de inclusión social. Apróbbase a proposta.

10.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á concesión dunha axuda do programa Santiago Suma. Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa á aprobación da programación de actividades do Nadal para a mocidade de Compostela 2016. Apróbase a programación de actividades de Nadal para a mocidade, cun gasto que ascende a 31.391,15 euros.

URXENCIAS

1.-Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Concello de Boqueixón para o abastecemento de auga potable ao aeroporto de Lavacolla. Dase conta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidde sobre a inscrición no Rexistro da Propiedade número1 do Aparcadoiro da Rúa do Olvido. Acórdase declarar a obra nova sobre o aparcadoiro público da rúa do Olvido e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Apróbase tamén as condicións de uso do aparcadoiro e dos gastos de conservación e mantemento.

3.-Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Autos Carballo SL, correspondente ao ano 2015. Apróbase a liquidación definitiva do ano 2015, por un importe de 224.691,75 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Transportes Mosquera SL, correspondente ao ano 2015. Acórdase elevar a definitiva a liquidación pola prestación do servizo, por un importe de 266.444,40 euros.

5.-Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago para a realización de actividades con motivo do fomento da memoria democrática e lembranza do Golpe de Estado de 1936. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega do Concello de 18.000 euros.

6.-Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Asociación do conservatorio de Música Tradicional e Folque. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega de 20.000 euros.

7.-Aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa á Asociación Folclórica Colexiata de Sar. Apróbase a xustificación da subvención, por un importe de 3.500 euros.

8.- 7.-Aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa ao Obradoiro de Cultura Tradicional Ultreia. Apróbase a xustificación da subvención, por un importe de 3.500 euros.

9.-Devolución de fianza para responder ao contrato de Obras de Mellora e acondicionamento de viarios na parroquia de Bando, incluídas no POS 2013. Apróbase a proposta.

10.-Devolución de fianza para responder ao contrato de Obras de mellora e acondicionamento de viarios na parroquia de Sabugueira, incluídas no POS 2013. Apróbase a proposta.

11.- Devolución da fianza para responder ao contrato de Obras de ampliación da rede de Abastecemento e Saneamento no lugar de Lavacolla, incluídas no POS 2013. Apróbase a proposta.

12.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta.